

BASES III PREMIO DE POESÍA GONZALO LÓPEZ ABENTE

A Fundación Gonzalo López Abente, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, convoca o III Premio de Poesía Gonzalo López Abente , en lingua galega

1. Poderán concorrer ao III Premio de Poesía Gonzalo López Abente autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados serán inéditos, condición que se estende ao soporte dixital, e non poderán estar premiados en ningún outro concurso de poesía.

2. A extensión dos textos non deberá ser menor a 400 versos.

3. De cada orixinal presentarase en sobre pechado sen remite catro copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas ou grampadas, antes do día 27 de abril de 2015, na sede da fundación:

Fundación Gonzalo López Abente
R/ Virxe da Barca, 49. Casa das Beiras
15124 Muxía (A Coruña)

Indicarase no sobre “III Premio de Poesía Gonzalo López Abente”.

4. Os orixinais presentarase baixo lema e xunto coas copias achegarase un sobre pechado, identificado co mesmo lema, que conterá o nome e os apelidos do autor ou autora, enderezo postal, número de teléfono e enderezo electrónico.

5. O xurado estará composto por tres poetas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega e como secretario/a actuará un representante da fundación.

6. O premio terá una dotación única de 2.000 €, suxeito á normativa fiscal vixente, e máis unha peza escultórica conmemorativa. A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición, que será publicada por Edicións Xerais de Galicia. En posteriores edicións, ao igual que na primeira, farase constar a condición de premiada no III Premio de Poesía Gonzalo López Abente.

7. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.

8. Os orixinais non premiados poderán ser recollidos na sede da fundación , previa solicitude, no prazo dun mes. Os que neste prazo non sexan recollidos destruíranse.

9. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e da interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que este adopte nas súas funcións.